



CONTINUAREMOS NA LOITA CONTRA OS PLANS DA EMPRESA DE PRECARIZAR AS NOSAS CONDICIONS LABORAIS E A DESTRUCCIÓN DE EMPREGO EN TELEFONICA

Á vista dos resultados do paro de 4 horas do día 27 de xuño, a CIG valora positivamente que se teña incrementado o número de participantes (en Galicia mantense) respecto do paro anterior, a pesares de que xa había un número significativo de persoas de vacacións e das dificultades que se dan dentro do cadro de persoal para debater e analizar as agresións da empresa e as súas consecuencias.

Merece unha valoración especialmente positiva a incorporación de provincias importantes que no anterior paro non tiveron participación ou foi insignificante. Este feito ven a reafirmar a necesidade dunha alternativa a situación actual e que vimos reclamando os sindicatos convocantes das mobilizacións.

Non temos ningunha dúbida de que estas mobilizacións son tamén un factor importante na renuncia de Telefónica dalgunha das súas máis graves pretensións na Negociación Colectiva, pero temos que ser conscentes de que na defensa dos dereitos os/as traballadores/as non podemos abandonar nin relaxarnos como veu sucedendo ata agora.

Queremos dar unha mensaxe optimista a todo o cadro de persoal. Hai esperanza de cambiar as cousas se somos capaces de asumir que unidos temos moita forza. Só precisamos outro liderazgo e esa posibilidade existe hoxe nesta empresa e está representada fundamentalmente pola Coordinadora de sindicatos de Telefónica.

A Empresa e os seus socios teñen que saber que os negocios a conta de destruír emprego digno en Telefónica serán contestados decididamente polo noso sindicato. A opinión pública ten que coñecer que en Telefónica a maioría dos traballadores non aspiramos a “escapar da queima” con 48, 50 ou 52 anos, senón que aspiramos a permanecer na empresa, con condicións dignas e estabilidade, como debe corresponder a unha das máis grandes empresas que existen hoxe no Estado.

A importancia dos temas que se están abordando nas mesas de negociación, tanto ERE como Convenio, pola súa transcendencia para o futuro de todos, debe ser consultado en Referendum cos traballadores. Para que isto sexa viable é imprescindible que non se asine nada no periodo de vacacións e que se faga a consulta a partir do 15 de setembro.

A Coruña, 2 de xullo de 2003.